

PROMETEO E PANDORA


Prometeo era fillo dun titán, un dos vellos deuses que axudou a Zeus a destronar a seu pai Crono.

Os antigos gregos crían que fora el o que modelara os primeiros homes feitos de barro e que logo Zeus lles insuflara o sopro da vida. Estes primeiros homes eran moi primitivos e non coñecían o lume, polo que tiñan que comer os animais que cazaban crus. Zeus estaba de acordo con este tipo de vida que levaban, pois así non poderían nunca rebelarse contra el. Pero Prometeo quería que a vida dos homes mellorase e tentou convencer a Zeus de que lles dese o lume. Como non quería, Prometeo roubou o lume ás agachadas do Olimpo para dállelo: con este primeiro lume ensinoulles a asar as carnes e a quentarse. Tamén preparou un engano a Zeus cos sacrificios: os homes ofrecían aos deuses unha parte do animal; Prometeo fixo dúas moreas no altar: nunha había osos cubertos por graxa, e noutra estaban as partes máis saborosas e mandou a Zeus que escollera unha; escolleu a da graxa pero enfadouse moito.



Unha noite Zeus viu dende o Olimpo o fume dunha fogueira e non quixo escoitar as explicacións de Prometeo: ordenou que fose levado ás montañas do Cáucaso e encadealo nunha rocha. Unha aguiña viña todos os días a comerlle a entrañas, pero como Prometeo era inmortal as súas entrañas rexenerábanse e ao día seguinte comezaba de novo o seu martirio e así durante moitísimos anos ata que o fillo de Zeus Heracles o liberara.

Pero ademais Zeus quixo vingarse dos homes: a petición súa o seu fillo Hefesto modelou unha moza feita de arxila e auga. Atenea deulle o sopro da vida e instruíuna nas artes femininas (o tear, a cociña...) Hermes ensinoulle a astucia e a arte do engano, Afrodita deulle o don da seducción; e así todo os deuses, todos, lle deron algún don ("dora", regalos). Foi por iso polo que se chamou Pandora, "todos os dons". Zeus deulle unha caixa cerrada e díxolle que non a abrise nunca, que non lle preguntara por qué, pero que non a abrise. Decidiu Zeus ofrecerlla comoa compañeira a Epimeteo, irmán de Prometeo, que non era moi intelixente. Xa Prometeo lle dixera había tempo a seu irmán que non aceptase nunca ningún regalo de Zeus. Pero Epimeteo non puido resistirse. Tamén Zeus lle pediu a Epimeteo que non abrise a caixa baixo ningunha circunstancia.



Epimeteo e Pandora viviron algún tempo moi felices, pero ao cabo dun tempo a curiosidade de Pandora fixo que un día convencesese a Epimeteo para abrir a caixiña: axiña saíron todos os males que dende entón aflixen a humanidade: a fatiga, a pobreza, os cimes, o vicio... Hai quen di que Pandora conseguiu pechar a caixa e que dentro quedou só a esperanza coa que o xénero humano consegue sobrevivir nos momentos máis duros, pero isto non está claro. O que si é certo é que Aeus conseguiu o que quería: que os homes fosen o suficientemente febles para non aspirar nunca a

parecérselles.

Debate: reflexionara sobre os parecidos e semellanzas con Adán e Eva e ver o significado do mito.